

Exercicios 1 e 2 da páxina 88 do libro de sociais.

Competencias

Iniciativa e emprendemento. Desenvólvese esta competencia cando os alumnos teñen que tomar decisións ante distintas posibilidades de trasladar un medicamento.

Solucionario

1 • **Padrón:** é o documento en que o Concello rexistra a poboación que vive no municipio. Publícase cada ano. • **Inmigración:** persoas que chegan a un lugar para vivir nel. • **Servizos:** sector que agrupa os traballos que non producen obxectos, senón que lles ofrecen servizos ás persoas. • **Emigrante:** persoa que marcha dun lugar para vivir noutro. • **Densidade de poboación:** calcúlase cunha división: densidade de poboación = número de habitantes / superficie en km². • **Transporte:** ac-

tividade que consiste en trasladar produtos e pasaxeiros. • **Importación:** actividade comercial que consiste en comprarlle produtos a outro país. • **Mineiro:** persoa que traballa extraendo da codia terrestre rochas, minerais e metais. • **Natalidade:** número de meniños que nacen nun ano. • **Comercio:** servizo que pon en contacto os produtos cos consumidores.

2 A densidade de poboación de Folgoso é de 725 habitantes por km². A densidade de poboación de Vilar é de 500 habitantes por km². • O que ten o territorio máis grande é Vilar. Ademais, ten máis habitantes. • O territorio máis poboado é o de Folgoso. A densidade de poboación non se corresponde co territorio de maior extensión porque se obtén dividindo o número de habitantes entre os km² do territorio, e hai máis xente por km² en Folgoso ca en Vilar. • Se o territorio B fose menor, estaría máis poboado, xa que a cantidade de habitan-